



**C O N C E L L O**  
**DE**  
**VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**  
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO** **DE DATA DO 26/06/2015**

### **Concelleiros electos asistentes:**

Don Enrique Álvarez Barreiro (PSOE)  
Dona Amparo Rodríguez Fernández (PSOE)  
Don Antonio Fernández Docampo (PSOE)  
Don Pablo Alberto Deramond Mundaca (PSOE)  
Don Manuel Sánchez Arias (PSOE)  
Dona María Jesusa Candal Jarrín (PP)  
Don Santiago Rodríguez Fernández (PP)  
Don José Pinto Álvarez (A.V.)

### **Concelleiros que non asisten:**

Dona Eva Arias Aira (PSOE)  
(excusa a asistencia)

### **Secretario:**

D. Rodrigo Blanco Nóvoa

En Vilamartín de Valdeorras, as 19:30 horas do día 26 de Xuño de 2015, no salón de actos da casa do Concello, ó obxecto de dar cumprimento ó disposto en no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, no que se dispón que dentro dos trinta días seguintes á celebración da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno ó obxecto de fixar o funcionamento da nova Corporación Local, reúnen os Sres. Concelleiros enumerados á marxe, asistidos polo Secretario-Interventor, que dá fe do acto.

Declarada aberta a sesión pola Alcaldesa, trala comprobación polo Secretario do

quórum de asistencia necesario para que poida ser iniciada, procédese á deliberación dos asuntos incluídos na Orde do Día.

### **1.- DAR CONTA Ó PLENO DA COMUNICACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E OS SEUS VOCEIROS.**

O Sr. Alcalde-Presidente da conta ó pleno dos escritos presentados polos diferentes grupos políticos, de conformidade co artigo 24 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro:

1. Escrito de constitución do grupo político do Partido dos Socialistas de Galicia (PSOE), designando ós seguintes voceiros:

- D. Pablo Alberto Deramond Mundaca, como voceiro titular.
- Dna. Amparo Rodríguez Ferrer, como voceira suplente.





**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)  
-----

**Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268**

2. Escrito de constitución do grupo político do Partido Popular (P.P.), designando ós seguintes voceiros:

- Dna. María Jesusa Candal Jarrín, como voceira titular.
- D. Santiago Rodríguez Fernández, como voceiro suplente.

3. Escrito de constitución do grupo político de Alternativa dos Veciños de Vilamartín (A.V.), designando como voceiro ó seu único integrante, D. José Pinto Alvarez.

## **2.- ESTABLECER A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS.**

O Sr. Alcalde-Presidente propón ó pleno a aprobación da seguinte Proposta de Alcaldía:

*“Os efectos de dar cumprimento o disposto no artigo 38 do R.O.F. , e disposicións concordantes tendo en conta o disposto nos artigos 46.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local , 78.1 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais propoño o Pleno do Concello de Vilamartín de Valdeorras a aprobación do seguinte **ACORDO** :*

**PRIMEIRO.-** *O Pleno do Concello de Vilamartín de Valdeorras celebrará sesións ordinarias, con carácter periódico cada dous meses, coincidindo cós meses impares o último xoves de cada mes ás 19:30, horas e, polo tanto celebrará sesión ordinaria nos seguintes meses: xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro.*

*En caso de coincidir que o último xovés de cada mes correspondente para a celebración da/s sesión/s ordinaria/s plenarias fose inhábil a sesión ordinaria celebraríase o seguinte día hábil á mesma hora.*

**SEGUNDO.-** *Autorizar ó Sr. Alcalde-Presidente, como órgano competente para convocar as sesións do Pleno, para adiantar ou retrasar as sesións ordinarias do último xoves de cada mes, por un período máximo de 7 días, mediante Resolución motivada, con explicación das causas do cambio de data; e sempre garantindo a celebración das sesións ordinarias coa periodicidade esixida pola Lei.*

**TERCEIRO.-** *Facultar á Alcaldía presidencia para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.*





**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)  
-----

**Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268**

**CUARTO.-** *Que queden derogados os Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo."*

Unha vez lida a proposta toma a palabra Dna. María Jesusa (voceira do P.P.) dicindo que ó Pleno (ó crearse a Xunta de Goberno) soamente van a ir os asuntos máis importantes, polo que cree que non ten sentido celebrar os plenos polas tarde para dez minutos que poden durar.

A esto responden o Sr. Alcalde manifestando que ós plenos vanse levar moitas cousas e vanse tratar un número importante de asuntos do Concello.

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola maioría do Pleno con: 5 votos a favor (dos Concelleiros do PSOE); 1 abstención (a de D. José Pinto, de A.V.); e 2 votos en contra (os do P.P.), especificando a voceira do P.P. neste último caso que o seu grupo só está en contra do horario das sesións plenarias.

### **3.- DAR CONTA DOS NOMEAMENTOS DOS TENENTES DE ALCALDE.**

O Sr. Alcalde-Presidente dá conta ó Pleno da Resolución de alcaldía de data do 23/06/2015 relativa ós nomeamentos dos Tenentes de Alcalde do Concello:

*"Vistas as pasadas eleccións celebradas o 24 de maio de 2015 e a consecuente constitución deste Concello o día 13 de xuño, de conformidade co artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e o 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; e a consecuente constitución da nova Corporación Municipal o día 13 de xuño,*

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** *Designar como Tenentes de Alcalde do Concello ós seguintes Concelleiros:*

- D<sup>o</sup> PABLO ALBERTO DERAMOND MUNDACA, como 1<sup>o</sup> Tenente de Alcalde.
- D<sup>a</sup> AMPARO RODRÍGUEZ FERRER, como 2<sup>a</sup> Tenente de Alcalde.

*Os Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, corresponderalles substituír ó Alcalde na totalidade das súas funcións e polo orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a éste para o exercizo das súas atribucións.*





**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)  
-----

**Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268**

**SEGUNDO.** *Notificar personalmente a presente resolución ós designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, e no taboleiro de anuncios do Concello, sen perxuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde.*

**TERCEIRO.** *Dar conta ó Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que celebre."*

#### **4.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.**

O Sr. Alcalde-Presidente propón ó pleno a aprobación da seguinte Proposta de Alcaldía:

*"Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, artigo 35.2 do R.O.F. a Xunta de Goberno Local integrase polo Alcalde-Presidente e un número de Concelleiros non superior a un terzo do número legal de membros da Corporación, sendo 3 polo tanto o número de membros que a poden integrar, que equivalen ó terzo estrito do número legal de membros da Corporación, que é 9.*

*A Xunta de goberno local será órgano necesario nos municipios de menos de 5.000 habitantes cando así o regule o Regulamento Orgánico ou sexa acordado polo Pleno do Concello, corresponde ó Sr. Alcalde o nomeamento de Concelleiros como membros da Xunta de Goberno Local e conferir delegacións en favor desta.*

*Vistos os 52 e 53 do R.O.F., pola presente propoño o Pleno para a súa aprobación se procede o seguinte **ACORDO:***

**PRIMEIRO.-** *Crear a Xunta de Goberno Local que estará presidida por esta Alcaldía e que estará integrada por 2 concelleiros, número non superior ó terzo do número legal de membros da Corporación nomeando como membros da Xunta de Goberno local ós seguintes Concelleiros:*

- 1. D. Pablo Alberto Deramond Mundaca (1º Tenente de Alcalde)*
- 2. Dna. Amparo Rodríguez Ferrer (2ª Tenente de Alcalde).*

**SEGUNDO.-** *A Xunta de Goberno Local terá as seguintes atribucións:*





**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)  
-----

**Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268**

A) *A asistencia permanente e asesoramento ó Alcalde no exercicio das súas atribucións.*

B) *As atribucións que esta Alcaldía e / ou o Pleno municipal , de forma expresa delegue na mesma.*

**TERCEIRO.-** *Delegar as competencias do Pleno á Xunta de Goberno Local, susceptibles de delegación, de conformidade co establecido no artigo 22.4 da L.B.R.L. e o 51.2 do R.O.F e co obxeto de dotar dunha maior celeridade e eficacia a actuación municipal.*

*As atribucións delegadas inclúen de maneira especial a facultade de resolver mediante os actos administrativos que afecten a terceiros; e os actos ditados pola Xunta de Goberno Local no exercicio das atribucións delegadas deberán indica-la devandita circunstancia de forma expresa, entendéndose ditados polo Pleno deste Concello como titular da competencia orixinaria, órgano que terá que estar informado do exercicio da delegación, e serán inmediatamente executivos e presuntamente lexítimos.*

**CUARTO.-** *Este acordo terá efectos a partir do día seguinte ó da súa aprobación, sen perxuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense".*

Pasada á votación, a mesma é aprobada pola unanimidade dos Concelleiros presentes.

**5.- DAR CONTA DAS DELEGACIÓNS ESPECÍFICAS ÓS CONCELLEIROS DA CORPORACIÓN.**

O Sr. Alcalde-Presidente dá conta ó Pleno da Resolución de alcaldía de data do 23/06/2015 relativa ás delegacións específicas ós Concelleiros:

*"A Alcaldía-Presidencia do Concello de Vilamartín de Valdeorras en uso das facultades que lle confire o artigo 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local e os artigos 43 e 44 e 114 e 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co fin de conseguir unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal,*

*En uso das atribucións que me están conferidas polos preceptos legais citados,*

**RESOLVO:**





**C O N C E L L O**  
**DE**  
**VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**  
(32340 - OURENSE)  
-----

Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268

**PRIMEIRO.-** Outorgar as delegacións especiais que se sinalan a favor dos Srs. Concelleiros seguintes:

- Áreas de Educación, Cultura e Facenda, a Dna. Amparo Rodríguez Ferrer.
- Áreas de Sanidade, Asistencia Social e Participación Cidadana, a D. Pablo Alberto Deramond Mundaca.
- Área de Deportes e Tempo Libre, a Dna. Eva Arias Aira.
- Área de Medio Ambiente, a D. Antonio Fernández Docampo.
- Área de Medio Rural, a D. Manuel Sánchez Arias.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Enrique Alvarez Barreiro, ostentará a competencia nas demais áreas de actuación municipal; e, en especial, na área de Urbanismo.

**SEGUNDO.-** Estas delegacións especiais comprenden a dirección interna e xestión do servizo ou áreas que se delegan, pero sen capacidade resolutiva mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O ámbito de actuación dos asuntos a que se refiren as delegacións será o correspondente a todo o termo municipal.

**TERCEIRO.-** Notificar personalmente a presente resolución ós designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo; e no taboleiro de anuncios do Concello, sen perxuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde.

**CUARTO.-** Do presente Decreto darase conta o Pleno na primeira sesión que celebre."

## **6.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

O Sr. Alcalde-Presidente propón ó pleno a aprobación da seguinte Proposta de Alcaldía:

"Considerando que é inherente o sistema democrático que o goberno dos Concellos sexa ostentado pola maioría natural, conxugando este principio, se fose posible, coa participación de todas as forzas políticas en todos os órganos colexiado; e coa finalidade de lograr unha eficacia na súa actuación con economía de medios persoais e materiais.





**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)  
-----

---

Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268

---

*Polo tanto e a efectos de dar cumprimento o disposto no artigo 38 do ROF en relación co disposto nos artigos 123 a 127 da mesma norma, proponho o Pleno para a súa aprobación, se procede, o seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** *Crear as seguintes Comisións informativas de carácter permanente:*

**1ª) COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS**, *de existencia necesaria en tódolos municipios como sinala os artigos 20 e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local e 127 do ROF, tendo como única función o exame, estudio e informe da Conta Xeral Anual do Concello.*

**2ª) COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO**, *que terá como cometido o informe dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno en calquera materia ou área non incluída nas asignadas a Comisión Especial de Contas.*

**SEGUNDO.-** *En aplicación do artigo 125 b) do ROF cada Comisión informativa estará integrada por cinco membros: tres do grupo municipal do PSdeG-PSOE, un do grupo municipal do PP e un do grupo municipal A.V., debendo os grupos citados dar a adscrición concreta dos membros, que en representación de cada grupo van formar parte desta Comisión no prazo de dez días hábiles dende a data de celebración do Pleno no que se aprobe a composición da citada Comisión mediante escrito do Portavoz do grupo municipal dirixido o Alcalde e do que se dará conta o Pleno.*

*Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular entre os Concelleiros electos.*

*A Presidencia das Comisións informativas corresponderá o Sr. Alcalde."*

Unha vez lida a proposta toma a palabra Dna. María Jesusa (voceira do P.P.) propondo ó Pleno un acordo alternativo para crear tamén unha Comisión Informativa de Xuntas de Goberno.

A proposta do P.P. sométese á votación, cun resultado de 5 votos en contra (os do PSOE) e 3 votos a favor (os 2 do P.P e o de A.V.), polo que a proposta que da desestimada.

Pasada á votación da proposta originaria de Alcaldía á mesma é aprobada pola maoría do Pleno, con 5 votos a favor (os do PSOE) e 3 votos en contra (os 2 do P.P e o de A.V.)





**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)  
-----

---

Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268

---

**7.- NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS  
ÓRGANOS COLEXIADOS.**

O Sr. Alcalde-Presidente propón ó pleno a aprobación da seguinte Proposta de Alcaldía:

*"En aplicación do disposto no artigo 38 c) do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro proponho que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** *Que sexa a propia Alcaldía quen represente o Concello de Vilamartín de Valdeorras e forme parte do Grupo de Acción Local para o desenvolvemento da Comarca de Valdeorras, dentro do Plan Agader e a tenor dos propios Estatutos daquel, así como no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria e Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.*

**SEGUNDO.-** *Designar a Dna. Amparo Rodríguez Ferrer como representante do Concello de Vilamartín de Valdeorras na Comisión mixta Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar - Concello de Vilamartín de Valdeorras, e no Consello Escolar.*

**TERCEIRO.-** *Comunicar este acordo ós órganos colexiados correspondentes."*

Pasada á votación, a mesma é aprobada pola unanimidade dos Concelleiros presentes.

Seguidamente, ó non haber máis asuntos a tratar, D. Enrique Alvarez Barreiro, Alcalde-Presidente, dá por rematada a sesión ás 19:44 horas, do que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE

  
Asdo.: Enrique Alvarez Barreiro

O SECRETARIO-INTERVENTOR

  
Asdo.: Rodrigo Blanco Nóvoa